

**EXPEDIENTE: 4487/2024**

## **ACTA DA SESIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO ANTIGO MERCADO PARA UNHA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**

No despacho da alcaldía do Concello de Ponteareas, ás 10:30 horas, do día 10 de decembro de 2024, reúnen os membros do Xurado do CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO ANTIGO MERCADO PARA UNHA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL, integrado polas seguintes persoas:

**Presidenta: María Nava Castro Domínguez**, alcaldesa do Concello de Ponteareas.

**Secretaria: Lara Fernández Vila**, secretaria do Concello de Ponteareas.

### **Vogais:**

- **Silvia Fernández Táboas**, concelleira de Urbanismo de Ponteareas (arquitecta).
- **Fátima Souto Domínguez**, arquitecta municipal do concello de Ponteareas.
- **María Gracia Amandi Joglar**, arquitecta proposta polo COAG.
- **Alfredo Sirvent Silveira**, arquitecto proposto polo COAG.
- **Inmaculada Serrano Plaza**, Técnico de Bibliotecas da Xunta que ocupa actualmente cargo de directora da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel.

O obxecto desta sesión é, tal e como se recolle no apartado 10 das bases, proceder á análise e avaliación das propostas presentadas na fase 2, centrándose nos criterios de valoración do apartado 11 das bases, no que se determine o gañador do concurso a quen se adjudicará o contrato de redacción do proxecto e dirección de obra.

De seguido procédese á valoración das 5 propostas, de acordo cos criterios de valoración expostos no apartado 11 das bases:

1. Calidade arquitectónica das propostas	20 puntos
2. Calidade dos espazos interiores e eficacia da ordenación de usos	20 puntos
3. Integración arquitectónica e paisaxística	10 puntos
4. Accesibilidade universal e non discriminación	10 puntos
5. Demanda enerxética e custo de mantemento	15 puntos
6. Custo ambiental	5 puntos
7. Custo da obra	15 puntos
8. Custo de mantemento	5 puntos
<b>TOTAL</b>	<b>100 puntos</b>



O xurado decide, por unanimidade, a seguinte valoración das propostas presentadas:

### **LEMA: NO ERA UN SOMBRERO – PRIMEIRO PREMIO**

O xurado destaca esta proposta arquitectónica, que combina un deseño atractivo, sustentabilidade e funcionalidade. Valoráronse especialmente os accesos cubertos, que achegan unha imaxe xenerosa e lixeira, así como os espazos luminosos e agradables.

Non obstante, sinaláronse áreas de mellora, como a duplicidade de accesos, que podería complicar a xestión, a falta de alternativas de accesibilidade e algúns excesos na cuberta e nos lucernarios. Aínda que o custo de mantemento é baixo e se optimiza a estrutura eliminando a terceira planta, a demolición parcial de elementos e a falta dun orzamento detallado afectan a viabilidade económica.

O proxecto integra placas fotovoltaicas e solucións acústicas de baixa pegada ecolóxica, aínda que o uso de materiais artificiais na fachada suscita dúbidas ambientais. A pesar destes puntos, a proposta logra un equilibrio sobresaliente entre deseño, sustentabilidade e eficiencia, destacando como merecedora do premio.

### **LEMA: CONDENSADOR URBANO – SEGUNDO PREMIO**

O xurada valora esta proposta pola súa imaxe clara e elegante, aproveitando e potenciando a estrutura existente cun deseño ordenado e funcional. A entrada resulta pouco xenerosa, pero o soportal compensa ao ofrecer espazo de expansión, resguardo e integración coa contorna urbana.

A distribución interna separa o programa por idades en diferentes plantas, pero a conexión mediante baleiros, xunto co tamaño reducido das salas e a mestura de zonas ruidosas e tranquilas, fai que a funcionalidade sexa menos flexible. Por outra banda, a circulación de aire grazas ás dobres alturas e o acceso libre á cuberta melloran a experiencia espacial.

O proxecto aborda as demandas enerxéticas e estruturais de maneira eficiente, cun custo contido grazas á reutilización da estrutura existente, limitando as intervencións. Ademais, incorpora solucións sostibles como ventilación natural e hortas urbanas, aínda que a súa localización implicaría a convivencia dos usuarios da biblioteca cos dos hortos urbanos, podendo ser cuestionable.

En conxunto, a proposta combina sustentabilidade, viabilidade económica e deseño minimalista, ofrecendo unha solución contemporánea ben integrada no contexto urbano, malia certas limitacións na flexibilidade do programa interno.

### **LEMA: NAO SENLLEIRA – TERCEIRO PREMIO**

O xurado valora que o proxecto respecta as preexistencias e a súa integración coa contorna urbana e arquitectónica. O acceso polo nivel intermedio resulta funcional e a disposición de espazos clave, como a sala polivalente, o vestíbulo e a sala 24 horas, que



permiten un uso independente e eficiente. Ademais, a conexión coas rúas laterais e a inclusión dunha rúa interior enriquecen a interacción co espazo público.

Non obstante, o volume do edificio é excesivamente contundente, xerando un impacto visual que podería suavizarse. A envolvente de policarbonato reciclado suscita dúbidas tanto estéticas como funcionais, xa que non achega valor significativo e implica custos de mantemento elevados, ao igual que o uso da madeira exterior. A demolición de elementos existentes como a cuberta e os aleiros incrementa innecesariamente o custo da obra. Ademais, a resolución dos espazos de transición, deixa aspectos importantes sen resolver.

En resumo, o proxecto combina acertos destacados coa necesidade de revisión en materiais, custos e concreción programática para acadar maior equilibrio e viabilidade.

### **LEMA: KUNSTHALINHO – PRIMEIRO ACCÉSIT**

O xurado destaca unha arquitectura clara e rotunda, onde a estrutura actúa como linguaxe formal para organizar o programa. A pesar diso, a pantalla da planta superior resulta excesiva, creando unha desproporción volumétrica. Responde ben á contorna, cualificando os espazos circundantes e xerando un soportal lateral que ofrece un espazo público á cidade.

A conexión entre plantas mediante bancadas é efectiva, creando espazos de lectura e estudo ben iluminados. A planta está organizada e as salas situadas correctamente en relación co soleamento e os usos. O deseño exterior xera pórticos e prazas que enriquecen o carácter urbano e integran a paisaxe, pero a accesibilidade presenta carencias: só hai un ascensor exterior e a comunicación interior é limitada. Ademais, o acceso principal está mal resolto, con dimensións insuficientes e unha posición pouco destacada.

En canto á construción, destaca unha boa solución técnica, eficiencia enerxética e unha paleta de materiais reducida e adecuada. Porén, o mantemento resulta custoso e a resolución da cuberta incrementa o gasto. O orzamento xeral é razoable, pero situar o almacén e instalacións na planta -2 require o seu uso non sendo obxecto do concurso a súa utilización.

### **LEMA: O CASTRO URBANO – SEGUNDO ACCÉSIT**

O xurado indica que a proposta presenta unha calidade arquitectónica desigual. Volumetricamente, o proxecto resulta invasivo debido ao peche elevado por enriba da cuberta, que carece de xustificación. A fluidez espacial e a iluminación da planta baixa son aspectos positivos, pero esta calidade non se mantén na planta -1. Aínda que o acceso 24 horas está resolto de forma independente, a solución céntrase na planta -2, que non é obxecto do concurso. Ademais, o edificio non establece unha relación significativa coa contorna; o intento de crear un espazo exterior cuberto resulta fallido, xerando un espazo residual. As rampas son forzadas e intrincadas, sen contribuír a



espazos agradables, aínda que se valoran as solucións innovadoras de insonorización e un xesto á historia local a través dos castros.

En termos climáticos, aínda que se propoñen estratexias para mellorar a eficiencia, a falta de ocos na planta -1 reduce a entrada de luz natural, requirindo un maior uso de iluminación artificial. A nivel económico, os custos resultan excesivos, tanto polo orzamento como polo emprego elevado de domótica e elementos practicables, o que compromete a viabilidade técnica considerando os prezos actuais do mercado.

Finalmente, valórase positivamente o intento de apertura ás rúas circundantes, aínda que o edificio segue a resultar excesivamente pechado no seu deseño global. A proposta, polo tanto, destaca por ideas interesantes, pero presenta importantes carencias en funcionalidade, relación coa contorna e viabilidade económica.

A continuación relaciónanse tódalas puntuacións das 5 propostas:

	O CASTRO URBANO	NO ERA UN SOMBRERO	KUNSTHALINHO	NAO SENLEIRA	CONDENSADOR URBANO
<b>CALIDADE ARQUITECTÓNICA DA INTERVENCIÓN</b>					
Calidade arquitectónica da proposta	10	17	12	15	12
Calidade dos espazos interiores e eficacia da ordenación de usos	10	15	10	17	10
Integración arquitectónica e paisaxística	5	8	8	5	8
Accesibilidade universal e non discriminación	5	4	3	3	8
<b>SUSTENTABILIDADE, EE, E CRITERIOS AMBIENTAIS</b>					
DEMANDA ENERXÉTICA E CUSTO DE MANTEMENTO	8	13	10	9	10
CUSTO AMBIENTAL	4	3	4	3	4
<b>VIABILIDADE TÉCNICA E ECONÓMICA</b>					
CUSTO DA OBRA	8	5	9	5	9
CUSTO DE MANTEMENTO	4	3	2	3	4
<b>TOTAL</b>	<b>54</b>	<b>68</b>	<b>58</b>	<b>60</b>	<b>65</b>

O xurado, á vista das puntuacións totais alcanzadas por cada un dos participantes e de conformidade co exposto nas bases nos puntos 10 e 11 que rexen este concurso, acordan:



PRIMEIRO: Clasificar, de acordo coas puntuacións alcanzadas no concurso, en orde decrecente, as propostas co “lema” que de seguido se indican:

- 1.- NO ERA UN SOMBRERO
- 2.- CONDENSADOR URBANO
- 3.- NAO SENLLEIRA
- 4.- KUNSTHALINHO
- 5.- O CASTRO URBANO

SEGUNDO: Nomear como gañador do concurso a proposta co “lema” NO ERA UN SOMBRERO

TERCEIRO: Notificar ás cinco propostas seleccionadas como finalistas o resultado obtido.

CUARTO: Publicar o fallo do xurado no perfil do contratante.

En cando son as 15:00h pola Presidencia dáse por rematada a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.

Lara Fernández Vila  
*Secretaria do Concello de Ponteareas*  
*(Asinado dixitalmente á marxe)*

Nava Castro Domínguez  
*Presidenta*  
*(Asinado dixitalmente á marxe)*

Silvia Fernández Táboas  
*Vogal*  
*(Asinado dixitalmente á marxe)*

Fátima Souto Domínguez  
*Vogal*  
*(Asinado dixitalmente á marxe)*

María Gracia Amandi Joglar  
*Vogal*  
*(Asinado dixitalmente á marxe)*

Alfredo Sirvent Silveira  
*Vogal*  
*(Asinado dixitalmente á marxe)*

Inmaculada Serrano Plaza  
*Vogal*  
*(Asinado dixitalmente á marxe)*

